

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE XUÑO DE 2010

- ADXUDÍCANSE OBRAS POR MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS
- FÍXANSE AS RETRIBUCIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

Lic/2243/2009.- Ferruxe Instalaciones, S. L.- Vivenda unifamiliar na rúa Comodiñas – O Castiñeiriño nº 4.

Lic/214/2010.- Comunidade de Propietarios.- Ampliación do recorrido dos ascensores na rúa do Hórreo nº 19

Lic/1093/2010.- Jesusa Noya Piñeiro.- Substitución de cuberta na vivenda unifamiliar situada no lugar de As Pereiras de San Caetano nº 9.

Lic/827/2010.- Roberto Jesús Barcala Filloy.- Vivenda unifamiliar na rúa B SUNP 14/Tras Restollal – Parcela VA2-D.

Lap/59/2008 e Lic/256/2008.- Julio Brenlla, S. L.- Rehabilitación de edificio e licenza de apertura de restaurante en Ponte Sionlla.

#### PRÓRROGA.-

Lic/865/2010.- Alberto Iglesias Deus.- Vivenda unifamiliar no lugar de O Bargo – A Peregrina.

### OCIHR

LIC/2017/2008.- JESÚS VARELA BOADO.- Demolición de vivenda unifamiliar en Corredoira das Fraguas, 59.

LIC/2398/2008.- JESÚS VARELA BOADO.- Construción de vivenda unifamiliar en Corredoira das Fraguas, 59.

LIC/1062/2010.- RESIDENCIAL CAMELIAS S.L.- Denegar a prórroga da licenza de obra para rehabilitación de vivenda unifamiliar en rúa de San Lourenzo 34.

LIC/1059/2010.- ZOAR RESIDENCIAL S.L.- Denegación da prórroga para rehabilitación de vivenda e local comercial na rúa Cruceiro do Gaio nº9.

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

LIC/492/2010.- CENTRO CULTURAL JUAN XXIII DE SANTIAGO.- Devolución da fianza en garantía da LIC/160/2008. O importe da fianza é de 1.000€.

ASOCIACIÓN DE ARTISTAS PLÁSTICOS GALEGOS. Devolución da fianza depositada pola ocupación da Alameda coa "IX Feira das Artes Plásticas". O importe da fianza é de 12.000,00.

#### **4.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbanse definitivamente axudas para vivendas por un importe total de 118.564,94 euros (45,45 cofinanciación Xunta e 54,55% cofinanciación Ministerio de Vivenda).

#### **5.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de instalacións deportivas para o desenvolvemento do Torneo Internacional COMPOSTELA CUP.**

Autorízase o uso gratuíto do estadio de San Lázaro do 23 de xuño ao 4 de xullo para a devandita competición. Para o resto de instalacións solicitadas do 11 de xuño ao 11 de xullo (pavillóns polideportivos e campos de fútbol de Santa Isabel e Cancelas), a súa disposición dependerá das necesidades e resto de actividades coincidentes con estas datas.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación de convenios con diversas entidades.**

Apróbase a sinatura de convenios coas seguintes entidades: Asociación Internacional Teléfono da Esperanza (ASITES), 2.200 euros; Asociación Galega de Lupus (AGAL), 2.200 euros; Asociación de Persoas Xordas de Santiago, 8.500 euros; Asociación de Voluntarias da Caridade de San Vicente de Paúl, 4.306 euros; Asociación Galega de Espiña Bífida e Lesionados Medulares, 2.200 euros; Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual, 2.705,06; Fundación Secretariado Gitano, 19.700 euros; Centro Cultural-Social Xoán XXIII, 20.208,50 euros; Cáritas, 35.000 euros; Asociación de Dano Cerebral Sarela, 2.200 euros; Asociación de Loita contra Enfermidades do Ril (ALCER Coruña), 2.200 euros; Asociación Galega para a Asistencia e Investigación dos Trastornos da Personalidade (TP Galicia), 2.200 euros; Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home, 29.751 euros; Asociación de Bulimia e Anorexia de Galicia (ABAGAL), 2.200 euros; Colexio de Avogados de Santiago, 5.000 euros; Asociación Galega para Axuda dos Enfermos Alzheimer, 3.606 euros; Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos de Enfermos Mentais, 3.700 euros; Asociación de Persoas con Trastornos no Espectro Autista (ASPANAES), 3.100 euros; Cociña Económica, 20.208,50 euros; Cruz Vermella, 11.000 euros; Asociación Española contra o Cancro (AECC Coruña), 2.200 euros; Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, 2.706,05 euros; e Asociación Síndrome de Down Compostela, 2.706,05 euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á cancelación de aval depositado e constitución dun novo en garantía da execución das obras de urbanización pendentes no proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20). Amanecida.**

Acórdase requirir da Xunta de Compensación do devandito polígono a presentación dun aval pola cantidade de 364.953,15 euros, en garantía da execución das obras de urbanización pendentes. Unha vez que se constituía o antedito aval, deberá cancelarse o aval depositado por valor de 960.908,78 euros.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á retroacción do expediente de expropiación para a obtención de terreos para a execución de DM-6 e ZL-85 en Triacastela, na parcela 5.**

Acórdase modificar a relación de bens e propietarios afectados no que á devandita parcela se refire, que pasará a constituír a parcela 5A e a parcela 5B. Retrotráense as actuacións relativas á tramitación do prezo xusto, dáse traslado das follas de aprecio de cada unha das parcelas e apróbanse as follas de aprecio, cos seguintes totais do valor a expropiar: parcela 5A, 4.575,33 euros, e parcela 5B, 7.288,63 euros.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á retroacción de actuacións e apertura de dous expedientes individualizados de prezo xusto, nas parcelas 4A e 4B, no expediente de expropiación de Triacastela.**

Acórdase modificar a relación de bens e propietarios afectados no que ás devandita parcelas se refire, como consecuencia da modificación da gráfica catastral e da comprobación da titularidade rexistral das parcelas. Retrotráense as actuacións relativas á tramitación do prezo xusto, dáse traslado das follas de aprecio de cada unha das parcelas aos seus titulares e apróbanse as follas de aprecio, cos seguintes totais do valor a expropiar: parcela 4A, 5.161,99 euros, e parcela 4B, 3.199,42 euros.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de alegacións e aprobación definitiva do expediente para a execución de "acceso ao SUP-2 de Cornes, dende a rúa de García Prieto, entre os números 17 a 21".**

Resólvense as alegacións, concréntanse as modificacións resultantes e apróbase definitivamente a expropiación polo procedemento de taxación conxunta das parcelas 1, 1A, 2 e 3. Apróbanse tamén as follas de aprecio, por un total de 83.479,31 euros, e o remate por mutuo acordo da parcela 1ª, por un prezo total de 21.201,18 euros.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva da conta de liquidación definitiva do proxecto de reparcelación do polígono 2 do SUP-5 da Choupana.**

Apróbase definitivamente a conta de liquidación da urbanización do devandito polígono, sen modificacións respecto da aprobada inicialmente.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á realización da actividade denominada obradoiro de memoria "Mente Activa".**

Acórdase a realización da devandita actividade, que contempla a realización de 4 obradoiros de 20 horas cada un, por un importe de 6.902 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á inscrición de dúas empresas no Rexistro Técnico de Rehabilitación.**

Infórmase favorablemente á incorporación da empresa Cando S.L, e de Ramón García García ao devandito rexistro e a súa homologación con carácter provisional.

**14.- Expedientes en materia de contratación.**

- Adxudícanse provisionalmente as obras do proxecto de substitución do depósito de augas de Vrins e integración ambiental do contorno á empresa AQUAGEST, S.A., por importe de 69.954 euros máis IVE.

- Adxudícase provisionalmente o contrato do servizo de mantemento, conservación e reparación das instalacións do sistema de control de tráfico do termo municipal de Santiago de Compostela á UTE TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A. – DAVIÑA S.A., por un importe de 428.351,82 euros/ano máis IVE.

- Elévase a definitiva a adxudicación do contrato de prestación do servizo de mantemento de vehículos municipais á empresa NOYAMOVIL, S.L, por un importe de 28,50 euros máis IVE para traballos de revisión e mantemento, 9 euros máis IVE por lavado completo, aspirado e limpeza de cristais e 4 euros máis IVE por lavado exterior dos vehículos.

- Adxudícanse provisionalmente as obras de ampliación da rede de abastecemento de Reibó (lugar de Laraño) á empresa AQUAGEST, S.A., por importe de 69.999 euros máis IVE.

- Elévase a definitiva a adxudicación do contrato de reforzo de firme de vías públicas municipais durante o ano 2010 á empresa OVIGA, S.L., por importe de 948.275,86 euros.

**15 a 65.- Propostas da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto do lixo e no imposto sobre bens inmobles e exención nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os beneficios e exencións solicitadas.

**66.- Proposta de fixación de retribucións de membros da Corporación e persoal eventual.**

Acórdase que, con efectos do 1 de xuño, se apliquen as deducións salariais que seguen: Alcalde, 9% (preventivamente, a expensas da minoración que finalmente aprobe a Comunidade Autónoma para os seus conselleiros e que será a que se lle aplique ao alcalde); concelleiros en réxime de dedicación exclusiva, 8%; persoal eventual, 5%.

**URXENCIAS**

1. Apróbanse as bases para a convocatoria de subvencións para a realización de Programas Integrales de Inserción Sociolaboral, dirixidas a entidades sociais e ONGs para o ano 2010, contempladas dentro do Programa Iniciativa Urbana Santiago Norte, cun importe de 100.000 euros para o ano 2010, cun importe máximo por entidade de 20.000 euros.